



Parlamento das Letras: Rexina Vega

Publicado o [20/06/2012](#)

Rexina Vega é unha Hécate de sorprendentes rostros. Dunha banda, a crítica rigorosa, presta sempre á análise fonda e documentada, inzada de suxestivas hipóteses coas que ir abrindo o campo interpretativo. Doutra, a narradora orixinal, na procura decote de espazos expresivos desusados, territorios ignotos nos que aínda non pisara a nosa tradición literaria. Alén aínda, a profesora de recoñecido prestixio académico, sabedora de todos os arcanos cunqueirianos. Pluma gallada, voz que reverbera, ánima múltiple.

Con máis de vinte anos ao carrello como investigadora, o último lustro foi para ela o da confirmación nos eidos da ficción, unha paixón narrativa que xa viña de lonxe, pero que non abrollou ata que, por volta do 2007, se fixo co Premio Xerais pola súa excelente novela Cardume, á que hai apenas semanas veu sumarse a valente e devastadora Dark butterfly.

Hai en Vega unha devoción manifesta polas historias á marxe, por focar a ollada naqueles que ficaron arrombados nos cómaros, expulsados do común, abeirados dunha sociedade que os rexeitou pola súa maneira de pensar, polo seu actuar outro, polo seu ser outro. E isto nun natural movemento espiroide que, por sinécdoque, fai do particular categoría xenérica, da vivencia íntima do individuo extrapolable exemplo para a tribo.

Andar as páxinas da escritora é deixarse ir co devalo dunha maré estilística doce, sinuosa, de agradabilísimos achados sintagmáticos que, secasí, agochan un abalo temático e argumental poderoso, relatos da dureza do seixo, labrados na rocha viva do sentimento, estigmas supurantes que nunca estiñan.

Ler como quen asiste a unha revelación. escoitar as palabras da lucidez extrema. Desa estraña e vivificante e subversiva e ambarina condición xorde a verba de Rexina Vega que aquí nos acompaña.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

A primeira vez que vin algo meu publicado era aínda nena. Gañara o certame escolar do Día das Letras Galegas en Vigo e o *Faro* reproducira un poema. Estaba en Sexto de Primaria e tiña como profesora a Vitoria Navaza —a irmá de Gonzalo—, ela estaba detrás dese meu triunfo, pois así o vivín, chea de orgullo. Xa no instituto outra profesora, Carme Panero, exerceu a súa benéfica influencia. Colaboraba, xunto con An Alfaya e Cristal Méndez, que eran as “estrelas literarias”, no *Besbello Saltón*, unha revista que publicabamos no IES Alexandre Bóveda. Logo tiveron a etapa de colaboradora de fanzines “posmodernos”. Publicaba en *Castrellis*, que tiña, como curiosos

lemas publicitarios: “Para exacular a colorinchos” ou “Non por moito trasnoitar amences máis modelno”. Os meus primeiros textos de crítica publiqueinos, xusto ao rematar a carreira, en *El Público*, a revista de teatro do INAEM, da que era coordinador o poeta Xoán Abeleira. Lembro estar unha semana enteira con cada un daqueles artiguiños, púñame a morrer, tan tensa estaba ante a responsabilidade de saír nun medio como ese. O meu primeiro libro de crítica foi unha *Guía de lectura de ‘Os outros feirantes’*, publicada por Edicións do Cumio. Desá experiencia lembro o trato co extraordinario editor que era Carlos Blanco e o meu abraio cando vin o meu libro na vitrina da librería Couceiro. Unha capa co meu nome!

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por qué cres que recibiron ese trato desigual?

Como escritora inicial de libros de crítica non agardas gran repercusión. Sabes que te dirixes a un público moi minoritario. Con todo, nunca tiveron queixa. En canto á creación, foi outro cantar. Tiven a estraña fortuna de que o meu primeiro libro de ficción, *Cardume*, acadase o Xerais: imposible pasar desapercibida! Agora ben, esta aparición serodia e mediática coido que influíu un algo nas lecturas. Así crin ver certas reticencias. Nalgunhas críticas da novela houbo lecturas simplificadoras, encirradas no tema da Guerra Civil como tema esgotado nas nosas letras, ou forzadas analoxías con Cunqueiro, autor do que non son máis que unha humilde estudosa. Así, alén da lectura, excepcional, dun par de críticos aquí, diría que os lectores que trataron mellor esta miña obra, lendo a fondo, sen prexuízos, estiveron fóra. Coa segunda, *Dark butterfly*, xa non tiveron esa impresión. Como se quedase confirmado que a miña escrita non era un pasatempo, unha frauta que soou, un enredo de diletante...

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Escribo sempre de noite. Primeiro encho cadernos, carpetas con fotocopias subliñadas, debuxos, pos-it... Leo e vexo películas relacionadas co tema que me ocupa de xeito compulsivo, coa estraña sensación de sentirme partícipe tamén desa creación allea. O proceso de escrita é febril, antes houbo moito tempo de levedo, material, voz e personaxes xurdindo e relacionándose lentamente como nun crebacabezas. Sempre teño unha banda sonora, unha peza musical que, para min, condensa ese universo que pelexo por armar e que escoito incesantemente mentres escribo. Teño tamén bólas de neve, coleccións. Unha por cada libro. Se estou atoadá remexo a auga e contemplo como caen as folerpas. Probablemente esta fascinación débolla a Cunqueiro.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Imaxinarme nunha antoloxía é algo que aínda non enxergo, non tomei conciencia desa dimensión da escrita literaria —como escritora de ensaio iso é algo que non che pasa pola cabeza—. Ademais, imaxinarme ao carón de outros significa tamén ser consciente das claves da túa escrita, da rede de paralelismos e influencias comúns. A min iso resúltame moi difícil. En todo caso, o que si sei é con que autores actuais vibro ou a cales teño a impresión de comprender con máis nitidez. Se me cinguise á narrativa falaría de Iolanda Zúñiga, de Alberto Lema, de Begoña Paz, de Samuel Solleiro ou de Suso de Toro e Cid Cabido. Todos, agás Paz, máis novos ou máis vellos ca min.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Son unha acabada de chegar. Apenas dous libros non dan para falar de traxectoria. Como dicía antes, aínda non son consciente das claves da miña escrita. En todo caso, o que me importa, e moito, é o traballo coa linguaxe. A calidade da frase é para min fundamental.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Cunqueiro, Ferrín, Rosalía, Valle, Vallejo, Lorca, Borges, Bolaño, Aira, Pessoa, Lobo Antunes, Torga, Kafka, Proust, Joyce. Son os meus deuses e nunca, nunca me defraudan.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Vivimos nun tempo raro, un tempo de crise, de esgotamento definitivo de estruturas. Agora mesmo, tal e como eu o vexo, conviven nas nosas letras dous xeitos de facer, de estar no mundo radicalmente diferentes. Coido que é preciso revisar a maneira de promocionar, as estratexias de comercialización, os criterios de selección. O mesmo discurso que serve de esteo á nosa cultura ten xa, coido, algo de caduco. Ademais de ser máis áxiles e contemporáneos na produción e difusión considero preciso afianzar por medio de políticas institucionais e iniciativas privadas o valor simbólico da obra literaria. Precisamos, desesperadamente, insistir na importancia do libro (dixital ou analóxico) e para que iso cale a fondo na sociedade deberíamos tamén apostar por certa “mitomanía”. Dotar de *glamour* a escritores senlleiros supón un pacto coa sociedade do espectáculo si, pero nese pacto temos moito que gañar. Cómpre respectar, salientar, gabar, poñer en valor mediático os moitos grandes escritores cos que contamos. Sobre nós, como cultura, paira sempre un certo cainismo. Deberíamos desfacernos de vez deste andazo que nos couda. A crítica tamén xoga un papel importante. Precisamos máis e mellores críticos, máis lecturas “serias”, fundamentadas; máis foros de participación cidadá; e unha estratexia de difusión alén das nosas fronteiras, a implementación daquelas liñas que o bipartito debuxara e que hoxe en día seguen sendo posibles e necesarias.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Antes de publicar a miña primeira novela, a miña angustia era esa: morrer sen deixar escrita creación. Ano tras ano dicíame que si, que o intentaría, que precisaba un pouco máis de tempo, que xa me poría. Púxenme, iso deume paz. Agora o que quero é seguir afinando a miña voz, intentar ser radicalmente honesta para comigo.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Vivimos nunha cultura pequena, asfixiante, coreña, perennemente ameazada, pero tamén poderosa, viva, chea de voces singulares dunha calidade extraordinaria. Vivimos nunha cultura á marxe das grandes vías, dos grandes poderes, e iso dános tamén ás. Heterodoxos, radicais, multilingües, cun lectorado entregue, cunha interacción non pequena coa sociedade, iso tamén somos nós. Razóns hai para o optimismo (e para a loita).